

Foi por volta de 1885, e por mor da iniciativa levada a cabo pola sociedade de socorros La Cooperativa –cuxo presidente honorario viña ser nesa altura cronolóxica o ilustre científico e político Eduardo Chao (1821–1879), quen consideraba Vigo, naquela xeira unha vila de apenas 15.000 habitantes, como “o primeiro amor” da súa vida–, cando naceu a Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO), que iría inaugurar plenamente a súa andaina no ano seguinte. Chao donou, ademais, á escola o material de ensino que trouxera de París asemade que redactou o primeiro regulamento da nova institución.

Desde os seus comezos, a EMAO foi concibida como un centro dirixido cara aos colectivos sociais máis desfavorecidos: especialmente activa onde as mulleres e mais os obreiros que naquel tempo carecían de medios adecuados para se procuraren un mínimo nivel educativo. Xa en 1890, o filántrofo X. García Barbón encargoulle ao arquitecto Stephane Pacewicz o deseño dun edificio que acollese as instalacións; así mesmo regaloulle unha biblioteca con máis de cinco mil volumes, se ben que coa condición de que o concello vigués asumise a xestión da Escola e velase por que o ensino nela se realizase de forma gratuíta.

A finais dos anos 70 do pasado século, a Escola convértese en Universidade Popular: unha denominación que perviviría deica o 2003, cando de novo recuperou o rotulo orixinal.

O currículo formativo da EMAO abarca desde a cerámica á encadernación e mais o gravado, pasando pola construción artesanal de instrumentos musicais (zanfona, gaita e lutheria antiga), pintura, artes gráficas, encaixe de palillos... Non obstante, é na relación entrelazada coa música tradicional, iniciada en 1982, onde radica o motivo que lle veu conferir a Artes e Oficios unha dimensión senlleira. A apertura do Obradoiro de Instrumentos Tradicionais Populares Galegos, que dirixiu Antón Corral (vigués distinguido 2001), permitiu a creación do Grupo Didáctico e mais da Banda de Gaitas Xarabal: nestes dous colectivos formáronse, entón, músicos dunha gran proxección internacional, como Anxo Pintos e Carlos Núñez.

En 1996, creábase dentro da daquela Universidade Popular, e por primeira vez en Galicia, da man de Rodrigo Romani –exmembro do grupo Milladiro, quen contaba xa cunha longa traxectoria de multi-instrumentalista (arpa, guitarra, ocarina, bouzouki...)–, o Conservatorio de Música Tradicional (CMT), incluíndo cursos de interpretación



No ensino de noso

125 anos da Escola de Artes e Oficios

CIPRIANO LUÍS JIMÉNEZ CASAS

musical e construción de instrumentos ou tecnoloxías aplicadas á música, en total sintonía co labor principiado por Antón Corral e continuado logo polo seu discípulo Ramón Casal. O CMT, cunha forte demanda de alumnos e profesores, segregouse da EMAO no ano 2007, para converterse na Escola Municipal de Música Folk e Tradicional, e–Trad, englobando toda a proposta educativa sobre música tradicional. Antes desa data, no 2001, xa se constituíra tamén a Orquestra do Conservatorio de Música Tradicional, que pasou a denominarse SonDeSeu: primeira orquestra de música folk de Galicia, dirixida por Rodrigo Romani, e que puxo, e pon, en valor a identificación etnicitaria, tan necesaria na sociedade multicultural na que vivimos.

Na súa discografía, SonDeSeu recrea vellas e fermosas melodías tradicionais a través duns evocadores e complexos arranxos que plasman unha nova sonoridade na música tradicional galega da man de Rodrigo Romani, Anxo Pintos e Xaquín Xesteira. *Mar de Vigo* (2003), *Tras tempo* (2007) e *Barlovento* (2010), este último Cd galardoadado co premio ao mellor disco do ano segundo a crítica, dan viva mostra do nivel acadado. Polo demais, SonDeSeu veuse constituír en Fundación de Interese Galego, propiciando o *Libro Branco da Educación en Música Tradicional en Galicia* (2006) e coordinando igualmente a Rede Europea de Orquestras Folk a través do proxecto ENFO no que participan a Sibelius Academy de Helsinki (Finlandia), Trädalp de Piamonte (Italia) e mais a Royal Conservatoire of Scotland de Glasgow (Escocia): todas elas de cara a preservar e desenvolver o patrimonio musical europeo.